# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026406 | IES Eduardo Pondal | Ponteceso | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 20 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 21 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 21 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 24 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 26 |

**1. Introdución**

O concello de Ponteceso atópase nas Rías Centrais, na subcomarca da Ribeira Baixa do Anllóns, bisbarra de Bergantiños e supracomarca da Costa da Morte, provincia da Coruña. De escarpada orografía e a unha hora de Coruña e Santiago, este municipio de catorce parroquias e dous núcleos urbáns (Ponteceso e Corme), a economía xira ao redor do sector primario (pesca e agricultura) e secundario (construcción e derivados).

A situación de Ponteceso – centrípeta dentro da Ribeira Baixa do Anllóns – determinou a creación do IES, no que, ademais de ESO e BAC, impártense dúas ramas de FP: Automoción e, dende o curso pasado 2022 - 203, o Ciclo "Atención a personas dependentes".

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | 3 | 4 | 1-2-4-5 | 1 | 1 | 3 | 4 |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | 3 | 2 | 1-2 | 4 | 1-3 | 1-3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | 1-2 | | 3-4-5 | 1-5 | 3 | 3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | 1-3 | 2 | 1 | 1-2 | 2 | 1-2-3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 1-5 | 3 | 2 | 1-3-5 | 1 | 1-2 | | 1-4 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 1-5 | 3 | 1-2-3 | 1-3-5 | 3 | 1-2-3 | 1-3 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 1-5 | 3 | 2-4 | 1-2 | 1-3 | 1-2-3 | | 1-2-3 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | 2 | | 1-5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | 1 | 1 |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2-5 | | 2 | 1-3 | 1 | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro. | Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible. | 10 | 10 | X | | |
| 2 | A organización política e económica das sociedades. | Trata de estudar os reximenes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español e indicar a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade. Tamén se estudan os diferentes sistemas de organización | 10 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | A organización política e económica das sociedades. | económica e pode abordaese a produción e o traballo. Cabe abordar o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado. | 10 | 15 | X | | |
| 3 | O sector primario e as paisaxes agrarias. | Trata do sector primario e as paisaxes agrarias, tanto no ámbito máis xeral (mundial e eropeo) como máis concreto (España e Galiza). | 10 | 15 | X | | |
| 4 | O sector secundario. | Trata do sector secundario tanto a nivel Europeo como español e galego. Abordaranse os problemas medioambietais da Terra. Fontes de enerxía e relación coa emerxencia climática e a conciencia ecosocial. | 10 | 9 | | X | |
| 5 | O sector terciario, a economía globalizada e desenvolvemento sostible. | Trata do sector terciario e a tendencia á economía global cara a terciarización e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible e busca de | 10 | 10 | | X | |
| 6 | A poboación e os movementos migratorios. | Trata dos ciclos demográficos e evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia. O envellecemento da poboación e as políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.<br>Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero. | 10 | 10 | | X | |
| 7 | O Século da Razón. Transformacións políticas que poñen fin ao Antigo Réxime: Da servidume á cidadanía. | Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo Ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol. Traballaranse, tamén, as ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. | 10 | 9 | | X | |
| 8 | A Revolución industrial e mentalidade capitalista unha nova organización social de clases. | Coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións. | 10 | 9 | | | X |
| 9 | A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. | Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica. | 10 | 9 | | | X |
| 10 | Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya. | Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes. | 10 | 9 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Coñece e expresa con vocabulario específico axeitado os distintos sistemas de representación, localización e escala. | PE | 70 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Resolve de xeito práctico distintas actividades e tarefas sobre os contidos propios da unidade. | TI | 30 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A organización política e económica das sociedades. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É quen de explicar a organización e clasificación dos Estados así como os axentes e sectores da actividade económica. | PE | 70 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Amosa que comprendeu os trazos dos Estados democráticos. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñece as institucións do Estado e dos diferentes chanzos da administración do sistema español (comunidades, provincias e concellos). Localiza no mapa as comunidades e provincias así como as súas capitais. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Elabora textos e análises propias sobre a temática da unidade amosando que comprendeu os contidos propios da mesma. | TI | 30 |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Interioriza os valores democráticos como algo positivo e que é preciso defender e manter. Coñece as características da Constitución. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Comprende que só nos estados democráticos a cidadanía pode desenvolver os seus dereitos plenamente. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Resolve distintas actividades e tarefas sobre as características dos estados democráticos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
| --- |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | O sector primario e as paisaxes agrarias. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Amosa un dominio dos contidos propios da unidade resolvendo diversas tarefas e actividades cun vocabulario xeográfico axeitado. | PE | 70 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | É quen de redactar análises e explicacións sobre o sector primario e as paisaxes xeradas polo mesmos a través de distintas ferramentas como imaxes, mapas ou textos. | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identifica elementos propios do sector primario e as súas paisaxes na contorna máis próxima comprendendo as causas e o desenvolvemento. | TI | 30 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Amosa e expresa, no oral ou escrito, actitudes respectuosas co medio e a contorna. Defende o desenvolvemento sustentable no desenvolvemento do sector primario. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Analiza e describe os elementos relacionados co sector primario traballados na unidade poñendo exemplos próximos e sendo quen de relacionar a teoría coa práctica na contorna máis inmediata. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | O sector secundario. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Usa o vocabulario específico axeitado para dar resposta a distintas actividades sobre as características do sector secundario e as actividades que o conforman. É quen de dar argumentos e exemplos que xustifiquen e ilustren as súas explicacións. | PE | 70 |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Analiza de xeito crítico as vantaxes e desvantaxes do sector secundario tal e como hoxe o coñecemos ao tempo que entende a necesidade de traballar a prol dun sector secundario máis sustentable | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Analiza textos, imaxes ou mapas que lle permitan a través dos que coñece as características e actividades propias do sector secundario. | TI | 30 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | É quen de identificar e relacionar exemplos da contorna máis inmediata coa teoría xeral do traballado na unidade. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | E quen de realizar traballos e presentacións por distintas canles, expoñendo un coñecemento mínimo sobre o traballado na unidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O sector terciario, a economía globalizada e desenvolvemento sostible. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Resolve actividades e tarefas sobre o sector terciario que demostren que comprende que é o sector terciario así como as actividades que o engloban. É quen de analizar datos sobre o mesmo a través de imaxes, mapas ou textos. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Relaciona o sector servizos cos distintos grados de desenvolvemento dos países ao tempo que interpreta as características do sector terciario a escala local, intermedia e global. | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Analiza as características propias do sector terciario na contorna comparándoas coas características do mesmo a nivel mundial. | | |
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Interpreta imaxes e audiovisuais para analizar dun xeito crítico as implicacións do sector terciario no desenvolvemento sustentable. | TI | 30 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Reflexiona sobre as posibles achegas que, de xeito individual e dende a nosa contorna, podemos facer para colaborar á mellor conservación do medio. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Reflexiona sobre as posibles achegas que, de xeito individual e dende a nosa contorna, podemos facer para colaborar á mellor conservación do medio plasmándoas en distintos soportes e con axuda visual. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Reflexiona sobre hábitos sustentables cos que colaborar ao anterior. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |

| Contidos |
|---|
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A poboación e os movementos migratorios. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elabora textos e análises propias usando un vocabulario xeográfico axeitado. | PE | 70 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | É quen de analizar e interpretar cun correcto vocabulario xeográfico gráficas, mapas, imaxes e textos sobre distintos movementos de poboación. | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Coñece os movementos demográficos a través do cálculo de distintas taxas e análise de indicadores da poboación. Comprende a evolución destes movementos ao longo de distintos momentos históricos así como as causas que os motivaron. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Amosa actitudes favorables á diversidade cultural e dá argumentos a favor da mesma dende a análise de elementos próximos como migracións locais, por exemplo. | TI | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Descubre trazos da interculturalidade xa incorporados a través de distintas expresións materiais e inmateriais. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Amosa actitudes favorables e respectuosas coa diversidade e multiculturalidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O Século da Razón. Transformacións políticas  que poñen fin ao Antigo Réxime: Da servidume á cidadanía. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Analiza distintas fontes, por exemplo textos ou gráficas cunha linguaxe histórica rigorosa sobre o Antigo Réxime e as Revolucións dos séculos XVIII e XIX. | PE | 70 |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Analiza e elabora secuencias cronolóxicas e comprende as causas e consecuencias dos distintos procesos de descomposición do Antigo Réxime e das revolucións dos séculos XVIII e XIX. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Coñece os principais fitos históricos do século XVIII e as características do Antigo Réxime e dos procesos revolucionarios (EEUU, Francia, revolucións burguesas) no económico, no político, no social e no ideolóxico. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elabora producións propias en distintos soportes nas que se demostra que é quen de analizar distintos sistemas de información (textos, gráficas, imaxes...) sobre o século XVIII e as características do Antigo Réxime así como das distintas revolucións que levaron á súa fin. | TI | 30 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | É quen de comprender que os procesos históricos deben ser analizados baixo as condicións do seu contexto espazo-temporal e non xulgados dende unha perspectiva actual. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Analiza de xeito positivo valores como os recollidos na Declaración dos Dereitos do Cidadá ao tempo que analiza as súas carencias no recoñecemento de dereitos á muller. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |

| Contidos |
| --- |
| - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | A Revolución industrial e mentalidade  capitalista unha nova organización social de clases. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Comprende os procesos que orixinaron a Revolución Industrial e como esta foi espallándose e evolucionando ao longo do continente europeo, primeiro, e do mundo, despois, xerando cambios a nivel coxuntural e estrutural que aínda hoxe teñen pegada. | PE | 70 |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Analiza e interpreta correctamente as distintas etapas e características da industrialización. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Coñece os fitos históricos que marcaron a orixe das Revolucións Industriais así como o seu desenvolvemento tendo en conta as relacións de causa/ consecuencia e interrelación. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É quen de elaborar producións propias en distintos soportes usando un vocabulario histórico axeitado e rigoroso. | TI | 30 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Elabora traballos ou presentacións, podendo incorporar mapas ou imaxes ilustrativas sobre as causas, desenvolvemento e consecuencias da Revolución Industrial. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Elabora presentacións en distintos soportes e formatos (texto, imaxe...) sobre a orixe e evolución dos procesos de industrialización. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Reflexiona sobre a orixe afastada no tempo de procesos actuais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia  ata 1814. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Entende as transformacións que levaron ao final do Antigo Réxime en España prestando especial atención ás súas particularidades. Entende que a fin do Antigo Réxime non foi un proceso lineal. | PE | 70 |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Coñece as causas, desenvolvemento e consecuencias dos procesos iniciados no século XVIII que levaron ao final do Antigo Réxime en España así como a simultaneidade e características propias das distintas campañas napoleónicas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Coñece os principais fitos históricos que marcaron o século XVIII en España ata o final das guerras contra o francés en 1814. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elabora análises propias en distintos soportes sobre o século XVIII en España e Galicia. | TI | 30 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Elabora presentacións en distintos formatos (texto, imaxe...) sobre a crise do Antigo Réxime no caso español e galego comprendendo as orixes lonxanas de elementos actuais como a división provincial, entre outras. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Elabora traballos propios analizando os fitos históricos do século XVIII español así como das guerras contra o francés. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | E quen de realizar traballos e presentacións por distintas canles, expoñendo un coñecemento mínimo sobre o traballado na unidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. |
| - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. |
| - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |
| - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya. | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Coñece as características do Rococó, Neoclasicismo e pintura de Goya ao tempo que é quen de recoñecer, identificar e analizar distintas obras relacionándoas co seu contexto histórico e o dos seus autores e autoras. | PE | 70 |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Analiza obras artísticas plasmando os resultados en distintos soportes e usando un vocabulario artístico axeitado. | TI | 30 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Elabora traballos propios analizando obras de arte e contextos artísticos amosando unha actitude positiva de cara a conservación e recoñecemento do patrimonio artístico. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | E quen de realizar traballos e presentacións por distintas canles, expoñendo un coñecemento mínimo sobre o traballado na unidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas |
| - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |
| - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. |
| - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Mediante os aspectos metodolóxicos e as estratexias didácticas pretendemos a formación do alumnado tanto no campo cognitivo como no intelectual. No campo cognitivo, queremos superar a idea de formar "cabezas ben cheas", é dicir, con moitos contidos e todos de carácter memorístico, sen establecer relacións entre eles e pasar ao concepto de cabezas "ben feitas", que son aquelas que teñen unha estrutura cognitiva, relacionan conceptos e teñen unha gran capacidade de adquirir información, o cal non quere dicir que non teñan conceptos.
O protagonista do proceso de ensino e aprendizaxe debe ser o alumnado, non a materia nin a profesora: o alumnado debe ser o motor da súa propia aprendizaxe. A concepción construtivista do ensino permite, ademais, garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que os/as alumnos/as poderán utilizar o aprendido en circunstancias reais. Óptase polo método de ensino- aprendizaxe construtivista que implica levar a cabo a aprendizaxe significativa.
As vantaxes inherentes a esta aprendizaxe son as seguintes:
- O coñecemento que se adquire retense durante un período de tempo máis longo, é dicir, fíxase de xeito máis estable na estrutura cognitiva.
- A información que se asimila aumenta a capacidade de aprender outros conceptos relacionados.
- A información dada con moita rapidez, aínda que se esqueza co tempo, xa enriqueceu a estrutura cognitiva porque provocou a ampliación das ideas relevantes do alumno/a.

E, para poder levar acabo toda esta exposición teórica debemos ter en conta os seguintes aspectos prácticos:
- O punto de partida será sempre os coñecementos previos.
- Poñerase especial énfase na funcionalidade das aprendizaxes de maneira que os contidos poidan ser aplicados a distintas situacións.
- Os contidos de cada bloque non deben parecer illados, senón que os alumnos/as descubrirán as relacións que hai entre eles.
- Propiciarase o traballo cooperativo e a educación non sexista.
- Potenciarase o uso de distintas formas de expresión, tanto oral como escrita.
- Propoñeranse investigacións e actividades para desenvolver as capacidades cognitivas (facer conxeturas, formular hipóteses, comprobalas, argumentalas...)

O desenvolvemento de competencias vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque se debe implicar na aprendizaxe e debe adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.
Para o docente, porque terá que despregar os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver as aprendizaxes propias da área incluíndo o desenvolvemento das competencias clave, e poder alcanzar así os obxectivos.
Preténdese que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe, é dicir, que sexan elas e eles mesmos os que cheguen a conclusións sobre as cuestións presentadas pola profesora. Así, presentaranse de xeito sintético os elementos principais de cada un dos bloques de contidos, formulando unhas cuestións- guía que fixen ao alumnado o camiño para chegar ás súas conclusións. Estas, poderán (e deben) ser plasmadas nos cadernos do alumnado de distinto xeito (apuntamentos, breves textos expositivos, esquemas...). Tamén se proporán actividades que axuden a sintetizar e fixar aquelas aprendizaxes máis esenciais. Deste xeito, combinarase unha parte de clase maxistral e outra máis práctica. Porén, non se entende a primeira como unha mera exposición de contidos por parte da profesora (lembremos que non queremos "encher cabezas") senón como unha sorte de diálogo arredor dun tema proposto, no que o conxunto do grupo sexa participante activo, respectándose entre si e gardando as quendas de intervención así como argumentando as súas exposicións.Deste xeito, ao rematar cada unha das unidades didácticas o caderno de cada alumna e alumno serviralles de guía para preparar a proba.
Doutra banda, introducirase xa dende o primeiro curso da ESO a técnica do comentario. Dende textos, gráficas e mapas ata obras artísticas ou paisaxes serán obxecto de análise e comentario por parte do alumnado. Con isto perséguense diversos elementos. En primeiro lugar, un momento de pausa e reflexión individual de cada quen sobre o que está vendo; en segundo, unha reflexión en relación a outros coñecementos previos; en terceiro, a expresión de ideas propias, de xeito complexo, completo e argumentado, ben oralmente, ben por escrito. Así, ao longo da etapa da ESO, o alumnado irá producindo textos e reflexións máis complexas, permitindo observar unha evolución da súa propia aprendizaxe.
Por outra banda, a plataforma Edixgal, entendida non como un libro de texto senón como unha aula virtual en sentido amplo, supón un complemento ás aulas presenciais e unha ferramenta básica de traballo e comunicación cos diversos grupos, tanto entre o alumnado como coa profesora. Permite elaborar e expoñer traballos, tanto individuais como colaborativos; planificar e marcar distintas datas de entrega, probas ou actividades programadas; colgar materiais (de elaboración propia ou non) así como enlaces (a páxinas, vídeos, audios...) de contido científico. Supón

unha guía moi útil para o propio traballo do alumnado e un xeito excepcional de traballar a competencia dixital. Por iso, a través dela entregaránselles materiais para o traballo así como se proporán entregas e tarefas das que o alumnado coñecerá tanto a cualificación como as correccións ou propostas de mellora ou de ampliación.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| **Denominación** |
|---|
| Plataforma Edixgal |
| Materiais de elaboración propia (tanto dixitais como en papel) |
| Audiovisuais como documentarios ou filmes. |
| Saídas ou actividades complementarias na contorna. |
| Bibliografía. |

Ademais de utilizar os recursos de editoriais, etc. propios da plataforma Edixgal, sacaráselle partido como aula virtual para entrega e recollida de traballos, materiais varios, etc. Ademais, o profesor elaborará diversos materiais, tanto dixitais (Kahoots, presentacións e infografías, etc) ou en papel (boletíns, pósters, etc) que poñerá a disposición do alumnado por distintos medios. Como é lóxico, o alumnado terá á súa disposición os recursos da biblioteca do centro.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso realizaranse cuestionarios relacionados con contidos e estándares correspondentes ao curso previo a través de diferentes ferramentas e formatos que poden ir dende un boletín de actividades en papel, ata un cuestionario na plataforma Edixgal ou mediante o uso de outras ferramentas dixitais educativas.
Tamén é importante facerse unha idea sobre os coñecementos previos que o grupo ten acerca da temática a traballar durante o presente curso, ben sexa porque se traballaron ao longo da EP, ben sexa porque tiveron acceso aos mesmos "por cultura xeral". Esta información resulta de vital importancia de cara a como enfocar as aulas.
Non menos importante é coñecer o grado de desenvolvemento das competencias así como o grado de autonomía no traballo. Por isto, prepararanse cuestionarios e actividades que permitan coñecer o grado de competencia lingüística, tanto no oral como na escrita. Outras ferramentas que poden achegar información salientable para a avaliación inicial é poden ser os coloquios e debates que organizar durante as primeiras sesións. Así, observarase o nivel de expresión e relación de aprendizaxes así como a súa interacción entre iguais.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** | **UD 10** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 100 |
| Proba escrita | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 |

**Criterios de cualificación:**

- AVALIACIÓNS PARCIAIS.

70%: media aritmética das probas escritas. Se un alumno ou alumna non pode presentarse a unha destas probas e a ausencia está debidamente xustificada coa documentación oportuna, realizará a proba na primeira sesión logo da súa reincorporación. Se nunha proba escrita se detecta que un alumno ou alumna está copiando, retiraráselle a proba e cualificarase cun 0.
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 0 a 10 e consistirán na realización dunha serie de preguntas e tarefas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión. De cara a alcanzar unha boa competencia en comunicación lingüística non se pode deixar de lado a correcta comunicación escrita polo que se valorará un bo uso da linguaxe histórica, unha correcta ortografía e unha elaboración de textos acorde ao nivel.
30%: caderno de clase, producións do alumnado, entregas e traballos... Deberán cumprir as instrucións (forma, prazo...) achegadas en cada caso así como manter unha presentación coidada e un vocabulario específico axeitado. Tamén se terá en conta a participación no día a día, as achegas e intervencións oportunas e con respecto á quenda de palabra, aos compañeiros e compañeiras e á materia así como a limpeza e orde nas tarefas e no posto de traballo. Para todo iso levarase un caderno de seguimento do alumnado no rexistrar as informacións.
A entrega en forma e prazo é importante para adquirir un hábito de traballo e unha preparación alén da vida académica. Xa que logo, as actividades que non sexan entregadas en forma e prazo de acordo coas instrucións dadas, puntuaranse cun 0. Se se detecta plaxio nas actividades ou traballos entregados, puntuaranse cun 0.
Unha avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

- AVALIACIÓN FINAL:

Para superar a materia cada unha das tres avaliacións parciais ten que ser igual ou superior a 5. Para calcular a cualificación do alumnado coas avaliacións parciais superadas, farase a media aritmética das 3 avaliacións. Este alumnado poderá presentarse á proba de recuperación do mes de xuño se desexa subir nota. Neste caso, realizará a proba das treas avaliacións e en ningún caso poderá ver diminuída a súa cualificación. O alumnado que non cumpra este requisito, deberá realizar unha proba de recuperación no mes de xuño, nos últimos días lectivos.

**Criterios de recuperación:**

Atenderase ás especiais circunstancias propias da materia, xa que ao longo do curso se traballan especialidades moi diferentes (Xeografía, Historia e Arte). Xa que logo, por non ser unha materia sumativa, para superala é preciso que cada unha das avaliacións parciais sexa igual ou superior a 5.
O alumnado con avaliacións parciais non superadas realizará unha proba de recuperación no mes de xuño nos últimos días lectivos. Aquel alumnado cunha avaliación non superada, realizará unha proba sobre os contidos da mesma; se son dúas ou tres as avaliacións sen superar, a proba comprenderá o conxunto do curso. Neste caso, a cualificación da avaliación final coincidirá coa obtida nesta proba (sen decimais).

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
g) Acreditación da información á familia.

No presente curso, hai catro alumnos e alumnas de 4º ESO coa materia de Xeografía e Historia de 3º ESO pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade poderán ser de carácter ordinario a partir dunha avaliación inicial tendo en conta a evolución de cada alumno/a e do conxunto dos diferentes grupos. Segundo isto, a profesora irá programando medidas de reforzo ordinario cando foran precisas, sempre en coordinación co Departamento de Orientación. Tamén en colaboración co devandito departamento e, poñéndoo en coñecemento das familias, poderán realizarse adaptacións curriculares, así como calquera outra medida necesaria que así se acorde.
A homoxeneidade nunha clase non existe e, en calquera caso, non é desexable. Para tratar a diversidade como unha riqueza e non como unha rémora optarase por recoñecer a existencia da mesma no marco escolar e considerala como un factor positivo, axilizar e adaptar a intervención pedagóxica para responder ás necesidades, provocar interaccións de todo tipo e multiplicar as posibilidades de coordinacións entre os diferentes niveis, que non serán estancos, desenvolver a colaboración e a solidariedade entre os niveis, que se considerarán como complementarios e non como inferiores ou superiores, e acostumar ao alumnado a non emitir xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión ou de produción dos seus compañeiros e compañeiras, permitir a maior liberdade de expresión posible, calquera que sexa a maneira de expresarse, fomentar a autoavaliación e a coavaliación formativa...
Con respecto ao reforzo educativo, é unha medida de atención á diversidade ordinaria que pode afectar a todos os elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, a todo o incluído no ámbito da metodoloxía. Así, poderá ser aplicado a todo aquel alumnado que presente dificultades para seguir o proceso ordinario de ensino- aprendizaxe ou que presenta un desfasamento curricular pouco significativo.Polo tanto, é unha medida dirixida a calquera alumno ou alumna que presente dificultades nun momento dado, teña ou non Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
Algunhas das posibles medidas poden comprender o establecemento de secuencias de contidos básicas para todo o alumnado e coñecementos de maior complexidade para algúns; deseño de actividades a distintos niveis; consideración de distintos tempos para a realización de actividades; utilización de distintos materiais complementarios; engadir actividades de recuperación, afianzamento ou consolidación; adaptacións xerais nas probas e instrumentos de avaliación; atención preferente a determinado alumnado que o precise; secuencia de actividades en pasos máis sinxelos ou con maior brevidade na explicación; segmentar as tarefas dunha mesma pregunta; poñer algún exemplo de como resolver a tarefa; deseño de actividades de menor esixencia, como preguntas de "verdadeiro/ falso".

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | | X | | | | | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | | | X | X | X | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | X | | | | | X | X |
| ET.4 - Emprendemento | | | | | X | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | X | X | X | X | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | | | | | | X | X | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | X | X | | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | |
| ET.4 - Emprendemento | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | |
| ET.7 - Educación para a paz | X | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos, históricos e artísticos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.
Ademais, preténdese que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Eventuais visitas ou roteiros culturais | Posible participación en visitas e roteiros organizados polo departamento de Xeografía e Historia ou en colaboración con outros departamentos. | X | X | X |

**Observacións:**

O Departamento de Xeografía e Historia colaborará na organización daquelas actividades complementarias que resulten positivas para o alumnado do centro. Estas poderán ser organizadas polo propio departamento ou en colaboración con outros.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A planificación da materia adaptouse ás necesidades da aula e aos tempos do curso. |
| Metodoloxía empregada |
| O seguimento do alumanado permitiu detectar e solventar as dificultades xurdidas. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os materiais elaborados pola profesora resultan de utilidade para o alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| O número de probas e esixencia das mesmas axeitábanse ás características do grupo. |
| Os instrumentos de avaliación foron variados e adaptados ás necesidades dos grupos. |
| Atendeuse axeitadamente á diversidade na aula. |

| Clima de traballo na aula |
|---|
| O traballo da profesora conseguiu motivar e fomentar a aprticipación do alumnado no día a día na aula. |

**Descrición:**

Para a avaliación da práctica docente do profesor, crearase unha enquisa virtual e anónima, indagando a opinión do alumnado acerca das actividades propostas, da utilidade dos materiais de traballo, da adecuación ou non e da cantidade das probas realizadas, propostas de cambios e melloras, elementos a manter... A idea é obter información o máis sincera e fiable posible, polo feito de ser un cuestionario virtual e anónimo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica analizaranse nas distintas reunións do departamento. Nelas, prestarase especial atención ao grado de seguimento e adecuación das unidades didácticas previstas en cada momento, así como ao grao de desenvolvemento dos contidos previstos nas mesmas. Analizarase, tamén, a adecuación á temporalización proposta, intentando buscar os mecanismos que permitan revisar os desaxustes atopados de cara a mellorar a programación do curso presente, mais tamén para telo en conta de cara á programación de vindeiros cursos.
Prestarase atención, tamén, a se o nivel de afondamento e consecución dos elementos curriculares avanza segundo o agardado para as características dos grupos ou se, precisamente polas mesmas, cómpre facer reaxustes e modificacións, tanto para lograr un maior afondamento se resultaban superficiais como para alixeiralos se a maioría do grupo non era quen de adaptarse ás esixencias.
A Programación Didáctica é un documento dinámico e aberto, que terá que recibir os axustes necesarios segundo as circunstancias que implica o proceso de ensino-aprendizaxe: características do alumnado, horas lectivas dispoñibles, eventuais imprevistos, etc. Estes factores e outros poden levar a modificacións e axustes puntuais en distintos momentos do desenvolvemento do curso.
Ao comezar cada curso académico, a Programación realizarase tendo en conta a información obtida durante o desenvolvemento do curso anterior. Intentarase, xa que logo, dar solución ás eventuais problemáticas que se presentaran, manter os elementos que funcionaron de xeito positivo e incorporar aquelas achegas e ideas de mellora.
Aínda así, o carácter aberto da Programación permite ir facendo axustes durante o curso. Isto recollerase no apartado "Seguimento" da propia aplicación PROENS.
Ao rematar o curso, levarase a cabo unha avaliación final. Esta presenta dúas vertentes. Por unha banda, os resultados académicos mesmos, que achegan información sobre o cumprimento da Programación, aínda que por suposto neles tamén inciden outros factores, como as características de cada grupo de alumnado, horas de clase, imprevistos... Por outra banda, o conxunto dos membros do Departamento fará unha reflexión sobre a necesidade de incorporar axustes ou modificacións para o curso vindeiro. Estas análises quedarán reflectidas na documentación correspondente como, por exemplo, as actas do Departamento e/ou a Memoria de final de curso.

# 9. Outros apartados